



**Concello de Cerdido**  
As Felgasas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)  
**981 41 10 00**  
www.cerdido.org correo@cerdido.es



Exp. Tedec:2023/G010/000004

## ACTA Nº 2023/4

### Sesión ordinaria do pleno da corporación

- Casa do concello, 28 de abril de 2023 -

O día vinte e oito de abril de 2023, ás 20:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, co obxecto de realizar en primeira convocatoria, sesión ordinaria do Pleno da Corporación.

**Preside:** Benigno Galego Castro

**Asisten:** Cándido Eusebio Preto Lago, Marina Tojeiro Martínez, Cristian Carrodegas Graña, Maria-Amalia Díaz Rodríguez, Alberto Javier Rey Paz, David Prada Aneiros. Patricia Santalla Pérez, Rocío Martínez Martínez

**Ausencias:** Ngunha

**Secretaria-interventora:** Paula Diaz Tie

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

### ORDE DO DÍA

**1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión do Pleno de Cerdido reunido o día 29.03.2023.** Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes aprobaron a acta anterior.

**2. Dar conta dos Decretos da Alcaldía Exp. Tedec 2023/G006/000011.**

Número	Fecha	Asunto
38/2023	16-02-2023	Vacante dunha praza de auxiliar de axuda no fogar por xubilación da titular
39/2023	23-02-2023	Contratación auxiliar
40/2023	23-02-2023	Pleno ordinario febreiro 2023
41/2023	23-02-2023	PEL-Concellos/2023 Convocatoria do programa PEL-Concellos año 2023
42/2023	23-02-2023	FO023B: Programa de socorrismo durante o exercicio 2023
43/2023	28-02-2023	Aprobación de nóminas e quilometraxe de febreiro e seguridade social de xaneiro de 2023

44/2023	28-02-2023	Aprobación de facturas febreiro 2023
45/2023	06-03-2023	Alta no padrón municipal de habitantes en Vila da Igrexa, 44, Cerdido
46/2023	07-03-2023	Solicitud General a nombre de Excavaciones Saavedra y Lopez S.L. da devolución do abal da obra "Abastecemento de auga de A Vila da Igrexa a Pontellas" con nº 10001209337 por un importe de 1.363,22 €
47/2023	08-03-2023	Contratación de auxiliar de axuda no fogar Verónica Freire por baixa de Paz Durán Publicación das bases no BOP 27/03/2018
48/2023	13-03-2023	Relación de recibos correspondentes ó mes de febreiro do 2023 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar
49/2023	14-03-2023	Compromiso de cofinanciación proxecto a Fusquenlla.
50/2023	15-03-2023	Alta no padrón municipal de habitantes en Felgosas, 9, 1º
51/2023	20-03-2023	Solicitude Xeral a nombre de Asoc. de Produtores de Madeira de Cerdido o 19 de marzo de 10:00 a 14:00 horas
52/2023	20-03-2023	Retribucións persoal Convenio Cerdido-Valdoviño
53/2023	20-03-2023	Prorroga e modificación dos Convenios asinados co Concello de Valdoviño en materia de persoal
54/2023	21-03-2023	Decreto contratación Verónica Freire Regueiro para substitución de Ana Caneiro por baixa incapacidade temporal
55/2023	22-03-2023	Inicio de expediente de elección de xuíz de paz titular
56/2023	22-03-2023	Alta no padrón municipal de habitantes en Pedra Chantada 1, Os Casás
57/2023	22-03-2023	Solicitude de licenza de primeira ocupación
58/2023	22-03-2023	Aprobación Certificación nº 2 e Factura AGADER 2022 Camiño Cruz dos Novás á Pena (Cerdido) e outros
59/2023	22-03-2023	Resolución ao recurso de reposición interposto por Dona Paula Díaz Tie. Abono complemento de produtividade.
60/2023	24-03-2023	Pleno extraordinario 29/03/2023
61/2023	24-03-2023	Transferencia de créditos 01/2023 MC 03/2023
62/2023	27-03-2023	Solicitude de inscrición no padrón en Cubos 3.
63/2023	27-03-2023	Plan concertado 2023
64/2023	27-03-2023	AGADER 2023-2024
65/2023	27-03-2023	Incidencia Técnica Teletraballo Paula Diaz Tie
66/2023	27-03-2023	Teletraballo Paula Diaz Tie
67/2023	28-03-2023	Corrección de erro no decreto 60/2023 do 24/03/2023

68/2023	28-03-2023	Solicitud en nome da plataforma veciñal Cerdido di Non a casa de cultura para o venres 14 de abril de 2023 ás 20:00
69/2023	29-03-2023	Aprobación de nóminas e quilometraxe de marzo, seguridade social de febreiro de 2023 e pago atrasos produtividade ano 2021 segundo sentenza xudicial
70/2023	29-03-2023	Solicitud do Servicio Axuda no Fogar de Manuel Carrodegas Caneiro
71/2023	29-03-2023	Reserva de instalacións a nome de Sonia Novo Bouza, representando ao ANPA os Carrís
72/2023	29-03-2023	Modificación presupuestaria transferencia de créditos pago convenio Valdoviño
73/2023	29-03-2023	Aprobación facturas marzo 2023
74/2023	29-03-2023	Aprobación Certificación 2º e factura Mellora e renovación do alumbrado público do Concello de Cerdido Aceinsa-IDAE
75/2023	29-03-2023	Aprobación Certificación 3º e factura Mellora e renovación do alumbrado público do Concello de Cerdido Aceinsa-IDAE
76/2023	30-03-2023	Copia dos informes mencionados na resolución da alcaldía de 22 de marzo de 2023 e copia da acta da mesa de negociación realizada o día 15 de marzo de 2023.
77/2023	31-03-2023	Aprobación de facturas de marzo 2023
78/2023	31-03-2023	Licencia de segregación y parcelación
79/2023	31-03-2023	Alta no padrón municipal en A Barqueira, Travesas número 6.
80/2023	31-03-2023	Aprobación orde de pago de facturas de certificacións de obra de marzo 2023
81/2023	05-04-2023	Decreto taxa do saf marzo 2023
82/2023	05-04-2023	Retribucións persoal Convenio Cerdido-Valdoviño
83/2023	05-04-2023	Solicitud xeral a nome de Asociación de Produtores de madeira de Cerdido. Solicita: Autorización de uso da casa da cultura do citado día en horario de 19:00 a 21:00h.
84/2023	13-04-2023	Non dividir en lotes o investimento de Instalación de deshumectadora en piscina municipal na área recreativa POS+2023
85/2023	14-04-2023	Aprobación pago IRPF 1º trimestre 2023 e IVE facturas 4º trimestre 2022 e 1º trimestre 2023
86/2023	17-04-2023	Alta no padrón municipal de habitantes en Regueirolongo nº3, Cerdido.
87/2023	17-04-2023	Solicitud Xeral a nome de Asociación de produtores de madeira de Cerdido, solicita: autorización de uso da Casa da

		Cultura para o día citado en horario de 19.00 a 21.00h.
88/2023	18-04-2023	Retribucións persoal Convenio Cerdido-Valdoviño
89/2023	18-04-2023	Aprobación pago taxa para mantemento e mellora da rede viaria pública en Vila da Igrexa
90/2023	18-04-2023	Tramitación de Decretos Taxa SAF marzo _ Corrección expte 2023/G003/000089
91/2023	19-04-2023	Aprobar o novo proxecto Instalación de deshumectadora en piscina municipal na área recreativa POS+2023 complementario

O concelleiro Alberto Rey Paz solicita aclaración sobre os seguintes decretos :

1.- Número 42, sobre o programa de socorrismo acuático. O alcalde explica que se trata da subvención que se pide tódolos anos para socorrismo acuático durante o verán, so se pode pedir tres meses e anuncia que se conta abrir a piscina no verán e si se amaña a deshumificación, todo o ano.

2.-Numero 64, sobre o plan Agader. O alcalde explica que se trata das obras solicitadas neste plan que son en A Vila da Igrexa-Pontellas, A Chaiña - Rediz, Cruz Encarnada a Guelle e Casavella ata limite co concello de Ortigueira

3-Número 76, sobre a copia dos informes. O alcalde explica que se dan copia dos informes e acta da mesa de negociación en relación o recurso interposto por Paula Diaz Tie.

A concelleira Amalia Díaz Rodríguez solicita aclaración sobre o seguinte decreto :

1.-Número 78 sobre unha licenza de segregación. O alcalde explica que se trata dunha solicitude de licenza dun particular.

**3. Dar conta do informe de control interno realizado pola secretaria-interventora en cumprimento do disposto no artigo 37 do Real Decreto 424/2017. Exp. Tedec 2023/X998/000011.** Unha vez leido o informe pola secretaria -interventora que se transcribe a continuación, os membros do pleno déronse por enterado do seu contido.

D<sup>a</sup> PAULA DIAZ TIE, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE CERDIDO ( A CORUÑA)

Antecedentes administrativos

Control interno realizado durante o ano 2022

Lexislación aplicable

Texto Refundido da Lei de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.( TRLHL )

Artigo 37 do Real Decreto 424/2017 de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades locais ( Real Decreto 424/2017)

Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.( Lei 25/2013 )

Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financeira ( LOEPSF)

Resolución do 2 de abril de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se establecen as instrucións ás que deben axustarse o contido, a estrutura e o formato do informe resumen

Dende esta secretaria -intervención informase :

Primeiro : Constitúe o obxecto do presente informe por unha banda, dar cumprimento o disposto no artigo 37 do Real Decreto 424/2017 no que se establece que con ocasión da aprobación da conta xeral, o órgano interventor realizará un informe resume dos resultados do control interno sinalado no artigo 213 do TRLHL e por outra banda dar cumprimento o disposto no artigo 12 2.2 da Lei 25/2013, onde se establece que o órgano de control interno avaliará o cumprimento da normativa en materia de morosidade,e considerando O apartado 3 do citado artigo 37 establece que a Intervención Xeral da Administración do Estado ditará as instrucións ás que haberá de axustarse o contido, a estrutura e o formato do informe resumen, e deberá crear un inventario público que recolla os informes recibidos das Entidades Locais. Facendo uso desta facultade, dítase a Resolución do 2 de abril de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se establecen as instrucións ás que deben axustarse o contido, a estrutura e o formato do informe resumen, así como a solicitude do informe previo á resolución de discrepancias e a remisión de información contable e informes de auditoría de contas anuais das entidades do sector público local O concello de Cedido, dado que esta incluídas no ámbito de aplicación do modelo simplificado de contabilidade local pode acollerse o réxime de control simplificado establecido no artigo 40 dado Real Decreto 424/217, polo que se exerce :

A.- Función interventora, nas súa modalidade de réxime ordinario respecto a a xestión económica da Entidade Local,

B.- Non se realiza función de control financeiro. É importante salientar que durante o ano 2022, as labores de intervención municipal foi realizada por dous funcionarios de habilitación nacional, os datos que amoso foron recollidos do xestor Tedec, unha vez revisado os decretos de pago do ano 2022 e actas de pleno, descoñecendo calquera outro informe existente que no se atope na unidade de información consultada.

I. ALCANCE DO INFORME RESUMEN II.1 ALCANCE As actuacións de control realizadas ao longo do exercicio 2022, agrupadas en función da súa modalidade, e que constitúen a base para a elaboración deste informe resumen, son as seguintes:

1. FUNCIÓN INTERVENTORA

1.1. Resolucións adoptadas polo Presidente da Entidade Local contrarias aos reparos efectuados por Intervención. Emitíronse quince informes con reparos, e finalmente, aprobáronse quince decretos levantando o reparos efectuados pola Intervención. A relación de reparos, en cumprimento do disposto no artigo 15,7 do Real Decreto 424/2017, foi remitida o Tribunal de Contas

1.2. Resolucións adoptadas polo Presidente da Entidade Local contrarias á opinión do órgano competente da Administración que ostenta a tutela

1.3. Acordos adoptados polo Pleno da Entidade Local contrarios aos reparos efectuados pola Intervención. Aprobouse un acordo por Pleno do Concello do día 31.08.2022 contrario ao reparo efectuado pola Secretaría- Intervención

1.4. Acordos adoptados polo Pleno da Entidade Local contrarios á opinión do órgano competente da Administración que ostenta a tutela. Non se aprobaron ningún acordo en contra da opinión ao órgano competente da Administración que ostenta a tutela

1.5. Informes de omisión da función interventora Non se emitiron ningún informes de omisión da función interventora.

1.6. Resultados do control das contas xustificativas dos pagos para xustificar. Non se emitiron ningún informe de intervención das contas xustificativas dos pagos para xustificar,

1.7. Resultados do control das contas xustificativas dos anticipos de caixa fixa. Non se emitiron ningún informe de intervención dos anticipos de caixa fixa.

1.8. Resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos. Ao substituírse a fiscalización previa de dereitos e ingresos polo control inherente á toma de razón en contabilidade, non se detectaron anomalías en materia de ingresos no exercicio da función interventora.

2. CONTROL FINANCEIRO O concello de Cedido, dado que esta incluídas no ámbito de aplicación do modelo simplificado de contabilidade local pode acollerse o réxime de control simplificado establecido no artigo 40 dado Real Decreto 424/217 polo que non se exerce o control financeiro

II.2 MEDIOS DISPOÑIBLES Os medios persoais actualmente dispoñibles na Intervención desta entidade non son suficientes para afrontar a realización das actuacións previstas no ordenamento xurídico.

III. CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS III.1 CONCLUSIÓNS. Da análise das actuacións de control realizadas ao longo do exercicio 2022, obtéñense as seguintes conclusións:

1. FUNCIÓN INTERVENTORA O principal motivo de reparo realizado dos quince informe emitidos é utilización dos contratos menores, para gastos repetitivos e recorrentes dunha mesma unidade funcional, que ano tras ano responda a mesma necesidade así como a aprobación de gasto sen utilización dos tramites descritos no artigo 118 da Lei 9/2017 en relación ao contrato menor. Os gastos reparados corresponde a gastos de subministro eléctrico, subministro de servizos de telefonía, mantemento de electricidade, subministro de gasóleo, mantemento de fotocopiadoras, mantemento de estación de bombeo, subministro de gasóleo, análises de agua da rede municipal, mantemento do ascensor, seguros dos vehículos municipais e instalacións, asesoramento urbanístico, redacción de proxectos, dirección de obras, gastos de xestión de nóminas e gastos de servizos de limpeza de

edificios, servizo de axuda no fogar, reparacións de alumbrado, servizos de comunicación, servizos de asesoramento xurídico, tratamento residuos voluminosos, subministracións varios etc Os outros motivos de reparo foron o complemento de produtividade e a adxudicación dun contrato subvencionado sen a existencia de documentos fidedignos que acrediten compromisos firmes de achega e sen estar o expediente completo.

IV. DEFICIENCIAS QUE REQUIREN A ADOPCIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS A TRAVÉS DUN PLAN DE ACCIÓN 1.- Análise das necesidades municipais que implican gastos repetitivos e recorrentes que ano tras ano responda a mesma necesidade. Dado o volume de expedientes de contratación a realizar, é preciso por unha banda dotar de persoal tecnicamente adecuado para realizar os pregos de condicións técnicas así como persoal administrativo ou solicitar asistencia a Deputación Provincial, así como a adhesión a central de compras que axilice a contratación administrativa. É preciso realizar unha planificación plurianual dos contratos precisos para dar cumprimento as obrigas municipais, debéndose realizar o Plan anual de contratación. A elaboración dun Plan anual de contratación o que se refire o artigo 28.4 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público o establecer que “As entidades do sector público programarán a actividade de contratación pública, que desenvolverán nun exercicio orzamentario ou períodos plurianuais 2.- Remisión a intervención municipal da documentación a fiscalizar, que implique un acordo do Pleno o Alcaldía coa antelación suficiente para o seu análise e estudio 3.- Dotación de persoal funcionario de carreira para o posto de administrativo -tesoureiro, que realice labores de apoio a intervención, dado que existe na RPT a praza de administrativo -tesoureiro e quedou vacante tras a xubilación do titular no ano 2021 e a día de hoxe esta sen cubrir con carácter definitivo.

SEGUNDO : En cumprimento do disposto no artigo 12.2 da Ley 25/2013, onde se establece que o órgano de control interno avaliará o cumprimento da normativa en materia de morosidade, e considerando os expedientes sobre morosidade que se remiten ao Ministerio de Facenda no prazo legal establecidos, e a que fai referencia o artículo 10 de a Lei 25/2013, do 27 de, extráense os seguinte datos: Os datos foron enviados en prazo segundo o disposto na aplicación AUTORIZA e o PMP non excede do máximo establecido na normativa a aplicar.

Ejercicio: 2022 ▼

Ejercicio	Periodo	Fecha cierre periodo	Estado
2022	Primer trimestre	30/04/2022	Firmado en plazo
2022	Segundo trimestre	01/08/2022	Firmado en plazo
2022	Tercer trimestre	09/11/2022	Firmado en plazo
2022	Cuarto trimestre	06/02/2023	Firmado en plazo

O concelleiro Alberto Rey Paz comenta que sempre é o mesmo, sempre os mesmos reparos, sobre os contratos, sobre a praza de tesoureiro non se sabe nada, xa se preguntou varias veces no pleno e non se sabe nada.

O alcalde explica que os contratos menores son servizos sen cobertura, non son ilegais, son contratos recorrentes que hai que sacar a licitación ou adherirse a plataforma de contratación da FEMP ou da Deputación, en relación a praza de tesoureiro, quitouse durante o ano 2022 unha

bolsa de contratación e leva o seu tempo seleccionar e formar o persoal, e adaptalo ao concello o ano 2022 estivo a secretaria do concello en acumulación e con moi pouco persoal, en relación as licitación tramitouse o maior contrato que tivo ata agora Cerdido, apostouse por sacar este contrato polos beneficios que lle vai a suponer o concello dado que vai suponer un gran aforro para as arcas municipais.

A concelleira Amalia Diaz Rodriguez, pregunta si pode calquera persoa acceder a esta praza.

O alcalde explica que no ano 2022, sacouse dúas prazas, unha de auxiliar administrativo e outra de administrativo, pero non de habilitado, para a praza de administrativo se exige a titulación específica para administrativo, non hai unha titulación de tesoureiro, realizáronse unhas probas que valorou un tribunal, a praza é de administrativo.

#### **4. Rogos e preguntas**

Antes de formular rogos e preguntas, o alcalde aclara unha pregunta do anterior pleno en relación ao plan concertado resolvendo as dúbidas sobre si estaba sen firmar e anuncia que esta xa aprobada a Resolución administrativa sobre a aprobación do Plan do Badulaque.

A concelleira Amalia Diaz Rodriguez explica que saíu no BOE do día de hoxe e que na autorización publicada no BOE, establecece que o Concello de Cerdido, xunto a outros da comarca non presentou alegacións, soamente consta as alegacións feitas polo Concello de Cedeira e que o concello non se posicionou e pregunta si o bufete xurídico fixo algo e comenta que é o tema moi preocupante.

O alcalde explica que el pensa que se mandaron as alegacións e que mirará si se enviaron ou non, e que estaban a espera de que houbera unha resolución administrativa para podela analizar polo bufete xurídico e que intentará informarse a cerca das alegacións do concello.

O concelleiro Alberto Rey Paz, informa da existencia dunha marquesina en A Vila da Igrexa que ten o teito roto e está sin cristal e que existe unha cuneta en Rioforcado moi perigosa, dada a súa profundidade.

A concelleira Amalia Diaz Rodriguez, informa que as pistas están intransitables e que recibe moitas queixas dos veciños, pistas na Cuqueira, Sete, Pontellas, Freis, Regueirolongo, indica que a xente quere desprazarse con comodidade e que se debe atender un pouco a todo.

A concelleira Marina Tojeiro Martínez informa que as pistas de Agreste xa esta prevista nun proxecto.

A concelleira Rocio Martínez Martínez informa que a ela non deron queixa os veciños, pero é consciente que as pistas están mal.

O alcalde explica que a pista de Freis a Regueirolongo xa está licitada e que soamente falta a sinatura do contrato, houbo un retraso na licitación dos contratos e que as pistas no Rio, Barbas, O Bardo, xa estas previstas nun proxecto de obra, solicita paciencia dado que se no ano 2022 foi excepcional, houbo cambios na secretaria municipal, estaba un secretario soamente cun 30% da xornada houbo que cambiar os membros da mesa de contratación, cada expediente de licitación leva o seu tempo e había que priorizar para sacar o contacto do alumbrado que requiriu moitísimo



traballo sacalo adiante e que vai a supoñer moito aforro para o concello, vaise cambiar todo o alumbrado e os cuadros e vai quedar toda a instalación nova, o que suporá unha redución da factura do subministro eléctrico moi grande. Vai con retraso o POS 2022

O concelleiro Candido Prieto Lago, explica que os contratos menores son legais e que se deben usar para axilizar trámites urxentes.

A concelleira Amalia Díaz Rodríguez solicita información sobre os cursos de memoria, informática de tres o catro meses necesarios se se quere que os veciños realicen os trámites *on line*, ou curso de manualidades que antes da pandemia se facían

O alcalde explica en relación o curso de memoria, non hai demanda dado que se fixo unha enquisa o rematar o anterior e relación os cursos de informático fixéronse fai pouco unha xornadas no concello no programa de INECO rural, e anuncia que se compromete a reanudar os cursos canto antes.

E, non habendo mais asuntos que tratar a Presidencia do Pleno levanta a sesión, sendo as vinte e un horas e quince minutos do día vinte e oito de abril de 2023. Do que eu como secretaria, dou Fé.